



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación con obras na Casa de Cultura de Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa da Cultura de Carreira tiña previsto, por parte deste Concello, un investimento para acondicionar as súas instalacións. Estas actuacións incluían o arranxo da cuberta, a dotación dun salón de actos, un cambio da fustería, entre outras. Xa fai tempo que estas obras se deron por rematadas pero a cuberta non se chegou a cambiar, o chan ten a tarima que se lle colocou totalmente levantada e as fiestras meten auga por todas partes. O salón de actos que se fixo consiste nun biombo divisorio que separa o bar dun espazo diáfano, e que non da cobertura as necesidades reais dos veciños/as.

A actitude que esta a ter o Concello perante os veciños/as so pode cualificarse de burla e desprezo. As xentes da parroquia seguen sen ter un espazo para reunirse, seguen sen ter un lugar onde realizar actividades e seguen sen poder celebrar as actividades de Nadal na propia parroquia, mentres que noutros lugares si o están a facer, simplemente porque foron privados do espazo onde poder facelo, e non se lles habilitou outro ao efecto tal e como se lles prometeu.

Para o BNG, feitos como este, poñen de manifesto a falta de respecto constante que o Goberno Municipal esta a ter coa parroquia de Carreira.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal:

- 1. Se xustifiquen os investimentos que se levaron a cabo no acondicionamento da Casa da Cultura.**
- 2. Que se vele por o correcto remate desas obras e que se rematen as actuacións prometidas e que quedaron sen executar.**

Ribeira, 07 de decembro de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA